

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Recital no Instituto Cervantes de Tel Aviv

Tres culturas unidas pola poesía

As culturas galega, árabe e israelí uniranse o xoves 15 na sede do instituto Cervantes en Tel Aviv. No recital *As tres culturas e a poesía* intervirán o tradutor galego Moncho Iglesias, a profesora israelí Aviva Doron e o poeta palestino Faruq Mawasi.

Redacción - 17:44 07/03/2007

Os tres autores conversarán sobre a potencialidade da poesía como un instrumento xerador do coñecemento e do diálogo entre culturas. Despois, os relatores lerán poemas en cadansúa lingua. O acto comezará ás sete e media da tarde no local do instituto [Cervantes](#) en Israel.